




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Malpica. Concello: Malpica de Bergantiños. Parroquia: Santa Cristovo de Cerqueda; agás a esquina nordeste, na que aparece San Martiño de Cambre. Extensión: 1,07 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa acantilada con paredes e vertentes moi potentes que mostran numerosas cicatrices de gran tamaño que evidencian o seu dinamismo. Aparecen así grandes depósitos ao seu pé e restos de plataformas. Liña de costa moi recortada e vertentes de tendencia xeral á convexidade irregularizadas por valgadas, principalmente a do Rego da Rega.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade inclúese totalmente nos materiais metamórficos do Dominio da "Serie de Ordes", de Idade precámbrico-silúrica. Na esquina costeira nordeste aparece un pequenísimo sector de anfíbolitas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo de costa acantilada incluída dentro do dominio climático Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais maiores de 14° C e a amplitude térmica rolda os 13° C. As precipitacións medias oscilan entre un mínimo de 1200 mm e un máximo de 1400 mm ao ano. Tan só o extremo occidental da unidade, sector de Punta Pepino, é lixeiramente máis seco, xa que se rexistran valores máximos de precipitación da orde de 1200 mm ao ano.

OS SOLOS

Solos pouco desenvolvidos, en concreto, umbrisoles dístricos que ocupan totalmente a unidade.

AS AUGAS

Tramo acantilado carente de rede fluvial significativa, xa que a forman pequenas valgadas de forte pendente e escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da costa do Cabo de Santo Adrián (20133).

O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. Unidade acantilada cuxa metade inferior se inclúe no LIC Costa da Morte. Aparecen o hábitat 1230 de acantilados atlánticos, o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados e 8330 de furnas mergulladas ou semimergulladas. O notable dinamismo das paredes acantiladas e das súas vertentes superiores aumenta o protagonismo do hábitat 1210. Malia ser unha unidade de dominio arboredo, as vertentes baixas conservan áreas de breixeiras secas (hábitats 4030 e 4040). A valgada do Rego da Rega presenta potencialidade para as breixeiras húmidas de Erica cinérea e Erica tetralix (4020) e, na parte alta, a suavidade topográfica desenvolveu unha pequena área hidromorfa acompañada dunha masa arbórea ripícola (91E0).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Nunha primeira franxa, tras a liña de acantilados, atopamos formacións vexetais costeiras, compostas por matogueiras e especies herbáceas. Deseguido aparecen masas de bosque de repoboación cubrindo practicamente toda a unidade e formadas por piñeiros e eucaliptos, estes últimos máis afastados da influencia mariña directa. Ademais, de forma residual, atopamos matogueira de substitución, que ocupa pequenas parcelas mesturadas entre os piñeiros e eucaliptos. O bosque de ribeira e vexetación asociada aos solos hidromorfos constitúe unha pequena franxa perpendicular á liña de costa na cabeceira do Rego de Rega. Os campos de cultivo ao SO da unidade aparecen asociados a núcleos de poboación pertencentes a outra unidade.

MORFOLOXÍA

Debido ao pequeno tamaño da unidade, ás súas características xeomorfolóxicas e á ausencia de núcleos de poboación, non é posible distinguir unha morfoloxía referente aos asentamentos. Polo que se refire ao parcelario, intúese baixo as matogueiras de substitución, a vexetación costeira e entre as masas de árbores de repoboación, a existencia de pequenas parcelas divididas por sebes naturais que foron abandonadas progresivamente ou nas que se produciu un cambio no tipo de cultivo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na unidade non hai presenza de estradas ou liñas de comunicación relevantes, só existen pequenas pistas forestais sen pavimentar que sucen a unidade dende o interior cara á fronte costeira e dende o leste ao oeste. Estas pistas e sendas son as que antano daban acceso ás parcelas cultivadas e que na actualidade permiten o acceso á fronte litoral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na presente unidade non se cofecen restos arqueolóxicos que testemuñen antigos asentamentos humanos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A organización da unidade responde a características naturais e topográficas, que son as que definen o crecemento e presenza das especies, a súa distribución e a ausencia de asentamentos. Nesta unidade predominan os aspectos naturais e ecolóxicos. Trátase dunha paisaxe natural que lle permite ao visitante gozar dun contorno excepcionalmente ben conservado e que se asoma o atlántico para descubrirmos unha fermosa paisaxe dende unha parede de acantilados.

DINÁMICA DA PAISAXE

A mediados do século pasado a unidade estaba tapizada por un mosaico de parcelas, pradarías na súa maioría, que se foron abandonando dada a escasa potencia e produtividade do solo e as difíciles condicións do relevo que impedían o óptimo desenvolvemento dos cultivos. Estas parcelas foron simplemente abandonadas e cubertas por vexetación de substitución ou simplemente reutilizadas para o cultivo de especies forestais como o piñeiro que, co paso dos anos, foi colonizando terreo ata chegar a cubrir o espazo que ocupa na actualidade. O crecemento espontáneo da vexetación pouco a pouco vai borrando a rede de sendeiros existente, que servía para acceder aos antigos campos de cultivo, ata a deixala na actualidade en poucas pistas forestais e de maior tamaño para acceder á fronte costeira.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade representa unha paisaxe litoral exposta directamente ao mar e á súa influencia. Trátase dunha liña de costa moi recortada, con paredes e vertentes convexas moi potentes, enmarcada por un fondo escénico de alto valor ecolóxico e sen presión antrópica. Estamos, polo tanto, fronte a un lugar que presenta unhas singulares condicións ambientais, o que o converte nunha paisaxe excepcional. Non en van, esta parte da fronte costeira atópase recollida dentro do LIC Costa da Morte. Como puntos de observación resultan recomendables: a Punta Pepino, dende onde é posible observar a fronte costeira das proximidades e as súas formas singulares como furnas, entrantes ou restos da plataforma mariña; e o alto dos Petóns, dende onde pode divisarse o val formado polo Rego de Rega e o conxunto da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS














A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



